

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 31 de agosto de 2009**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día trinta e un de agosto de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1143).- DAR CONTA DA SENTENZA DO X.CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO RC-A Nº 267/2004, INTERPOSTO POR D. ALBERTO M. PALMEIRO SOLLA SOBRE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL (EXPTE. 214/243), E APELACIÓN ANTE O TSXG.**

Dáse conta da Sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.O. 267/2004, interposto por D. Alberto M. Palmeiro Solla contra resolución do 28.09.04 ditada polo concelleiro delegado de Patrimonio pola que se acorda inadmitir a reclamación

formulada por Alberto Manuel Palmeiro Solla o día 9.06.04 por responsabilidade patrimonial, por tratarse dunha solicitude extemporánea ó ser presentada fóra do prazo.

A sentenza estima parcialmente o recurso, condenando ó Concello de Vigo a aboarlle a cantidade de 133.648,12 € ó actor, coa aplicación do xuro correspondente, obriga da que responderá a Cía. De Seguros Zurich en forma solidaria dentro dos términos da póliza subscrita co Concello.

Así mesmo, dáse conta da Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4253/2009 interposto por D. Alberto Manuel Palmeira Solla contra auto de data 9.02.09 ditado no proc. Ord.nº 267/2004 polo X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, que decide non haber lugar a actualización da antedita suma indemnizatoria. A Sala do Contencioso-administrativo do TSXG desestima o recurso de apelación.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **2(1144).- SUBVENCIÓN A ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS EN CONCEPTO DE AXUDA PARA OS GASTOS OCACIONADOS DA CONCESIÓN DE 16 BOLSAS DE ESTUDOS CON ESTANCIA NO EXTRANXEIRO. EXPTE. 5771/101.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.08.09, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Protocolo e Relacións Públicas, do 10.06.09, conformado pola concelleira da Área de Xestión Municipal e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a Escola Oficial de Idiomas, unha subvención por importe de 20.000€ en concepto de axuda para os gastos ocasionados da concesión de 16 bolsas de estudos con estancia no estranxeiro para os seis mellores expedientes académicos do nivel 1 e do nivel 2, e isto con cargo á partida 111.0.489.00.04 (Outras Subvencións), do vixente presuposto.

2º.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

3º.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

4º.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Subvencións de Galicia.

5º.- A beneficiaria, no prazo de tres meses a conta desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se o beneficiario solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

6º.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

7º.- O beneficiario deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida polo Concello de Vigo e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

8º.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

9º.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer o beneficiario da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD

1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

10º.- O beneficiario está informado de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello de Vigo.

11º.-O beneficiario poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.

12º.- No demais, a concesión da subvención obxecto da presente resolución, rexeráse pola Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

### **3(1145).- ALLEAMENTO DE 25 VEHÍCULOS DO DEPÓSITO MUNICIPAL PARA CHATARRA. EXPTE. 2882/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 3.08.09, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 25 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de

10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presenta-lo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

**4(1146).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE RODAS PARA O PARQUE MÓBIL. EXPTE. 6416/445.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 20.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L., o Procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración de rodas para o Parque Móbil (expediente 6416-445) por un prezo total de 39.999, 84 euros (a cota correspondente o IVE é de 5.517, 22 euros).

Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 01-06-2009 e a oferta presentada.

**5(1147).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA:**

A) ORECO S.A. EXPTE. 2833/241, 2850/241.

Vistos os informes da Oficina técnica de Patrimonio, os informes de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 3.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

- Devolver a Oreco S.A. a fianza de 12.699,09 € constituída para responder das “obras de rehabilitación de muro no xardín histórico de Castrelos” xa que foron recibidas mediante acta de 8.09.06 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

- Devolver a Oreco S.A. a fianza de 7.558,33 € constituída para responder das “obras de rehabilitación do edificio en Sta. Marta para escola infantil” xa que foron recibidas mediante acta de 8.09.06 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

B) CONSTRUCTORA EDISERPO S.L. EXPTE. 2830/241.

- Devolver a Construcciones Ediserpo S.L. a fianza de 6475,60 € constituída para responder das obras no Museo de Castrelos xa que foron recibidas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**6(1148).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN AO CLUB CICLISTA VIGUÉS PARA ORGANIZAR O 5.09.09 A XLIV VOLTA CICLISTA VIGO-BAIXO MIÑO VAL MIÑOR-GP DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. EXPTE. 8763/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD. Do 21.08.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués a organizar o vindeiro sábado 5 de setembro de 2009, a XLIV VOLTA CICLISTA VIGO-BAIXO MIÑO- VAL MIÑOR-GP DEPUTACIÓN DE PONTEVEDR, con saída as 13.00 horas, dende a Zona de Fragoselo (comunidad de montes de Coruxo) e a zona da Capela de San Sebastián, e a meta será en Fragoselo e na Zona da Capela de San Sebastián as 18.00 horas aproximadamente.

**7(1149).- DEVOLUCIÓN DE AVAL AO CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER CONSTITUÍDO CON MOTIVO DO CAMPIONATO VIGUÉS IN LINE (CAVIL 2009). EXPTE. 8751/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 30.07.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a devolución do aval de 4.000,00 €, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns ao CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER, para responder dos danos da pista de patinaxe de Samil, con motivo da celebración do CAMPIONATO VIGUÉS IN LINE (CAVIL 2009) os días 8 e 9 de xullo de 2009.

Data: 2/07/2009

Nº de operación: 200900037614

Tipo Operación:OCVD-CV

**8(1150).- SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “SERVIZOS DE APOIO A XESTIÓN DE ESPAZOS MUNICIPAIS” NO MARCO DA SUBVENCIÓN DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN PARA O ANO 2009. EXPTE. 6123/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 21.08.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A orde do 29 de decembro de 2008 da Consellería de Traballo pola que se establecen as bases que rexen determinados programas de axudas, para o exercicio do ano 2009, da Consellería de Traballo que, baixo a rúbrica xeral de Programas de Cooperación, están destinados ao financiamento de accións de fomento de emprego por parte das entidades locais e se procede á súa convocatoria, establece no seu artigo 12º os requisitos e criterios para a preselección do persoal traballador para contratar que aplicará o Servizo Público de Emprego, da Xunta de Galicia, nas súas sondaxes.*

*Na mencionada Orde se establece na disposición adicional cuarta a posibilidade presentar proxectos para a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e tendo en conta esta*

posibilidade, e a solicitude do servizo de Participación Cidadá, redactor do proxecto se propón a contratación de 18 mulleres para realizar servizos de apoio á xestión en tarefas que non precisan de unha especialización determinada por parte das traballadoras, xa que o servizo de Participación Cidadá e colaboración co de Promoción Económica e Emprego, permitirá impartir formación cara a adquisición das habilidades necesarias para o desenvolvemento do proxecto.

Esta proxecto permitirá unha mellor atención a cidadanía así como incrementar os horarios de acceso aos locais dependentes da concellería como son os Centros Cívicos Municipais de Casco Vello, Teis, Coruxo e Saians, os Centros de apoio ao emprego do CITIC, CERA e Empece, así como dos Centros Municipais de Internet xestionados en colaboración coas asociacións veciñais, prestar apoio aos cidadás na uso de internet como apoiio a busca de información e xestión municipal e, por último realizar unha enquisa de calidade dos servizos de atención a cidadanía.

A contratación destas persoas será por 12 meses, tendo previsto o inicio do proxecto o 01/12/2009, rematando o 30/11/2010, coas categorías profesionais e os custes seguintes:

Postos	Categoría	Salario mes	Prorrrateo pagas extras	Importe bruto mes	Base de cotización n	CNAE/Cód. Ocup.	% cotización n	Cotización \$S empresa	Custe total estimado	Custe postos/mes	Total proxecto
3	Of. admtivo	723,09	120,52	843,61	843,61	84/a	32,10	270,80	1.114,41	3.343,22	40.118,76 €
15	Peón- Conserxe	688,67	114,78	803,45	803,45	84/a	32,10	257,91	1.061,35	15.920,29	191.044,80 €
											231.163,56 €

Vista a documentación que obra no expediente, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o proxecto denominado “Servizos de apoio a xestión de espazos municipais”, no marco dos Programas de Cooperación para o ano 2009.
2. Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto polo importe de 231.163,56 €, de acordo co establecido na normativa que regula a orde do 29 de decembro de 2008 pola que se convocan axudas e subvencións destinadas ao fomento do emprego a través de programas de cooperación.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009 e 2010, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(1151).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2009 DO “PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN” NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 6103/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-xurídico do 12.08.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 22.07.09,

conformado polo concelleiro de Promoción Económica, emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as BASES REGULADORAS E A CONVOCATORIA DO ANO 2009 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN, no marco do Plan municipal de emprego 2008-2011, que de seguido se transcriben e os anexos obrantes no expediente..

2º.- Aprobar a autorización de gasto por importe total de 30.000 € (TRINTA MIL EUROS), para a concesión das axudas establecidas nas bases, con cargo á partida orzamentaria 3220 470.00.00 "Programas de axudas á inserción laboral.

### *INTRODUCCIÓN*

1. *BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.*
  - 1.1. *Finalidade.*
  - 1.2. *Características das empresas e entidades beneficiarias.*
  - 1.3. *Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.*
  - 1.4. *Tipos e contías das axudas.*
  - 1.5. *Obrigas do beneficiario/a.*
  - 1.6. *Alteración das condicións de concesión das axudas.*
2. *BASE 2ª: EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES.*
3. *BASE 3ª: PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN.*
  - 3.1. *Instrución e tramitación das axudas.*
  - 3.2. *Comisión de valoración e seguemento.*
  - 3.3. *Criterios obxectivos de adxudicación.*
4. *BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN.*
5. *BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS.*
6. *BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.*
7. *BASE 7ª: PUBLICIDADE.*
  - 7.1. *Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.*
  - 7.2. *Publicidade das subvencións concedidas.*
8. *BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.*
9. *DISPOSICIÓN FINAL.*



Anexos:

ANEXO I	SOLICITUDE.
ANEXO I BIS	DOCUMENTACIÓN PARA XUNTAR COA SOLICITUDE.
ANEXO II	FICHA SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA.
ANEXO III	DECLARACIÓN XURADA NON TER SOLICITADO NIN PERCIBIDO OUTRAS AXUDAS.
ANEXO IV	DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE COMPROBACIÓN E SEGUIMENTO.
ANEXO V	DECLARACIÓN DE PODER OBTER A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO/A DE AXUDAS.
ANEXO VI	DELIMITACIÓN CASCO VELLO (AREA P.E.P.R.I.)

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2009 DO PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN**

**INTRODUCCIÓN**

*O Plan municipal de emprego 2008-2011, promovido pola concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá foi aprobado polo Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión do día 29 de abril de 2008, representa o marco de actuación municipal para a aplicación das políticas activas de emprego no seu ámbito territorial. No conxunto de accións que configuran o plan, dentro dos programas de apoio á inserción laboral, atópase o “Programa de axudas municipais á contratación.”*

**1. BASE 1ª: OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

**1.1. Finalidade**

*A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar as axudas municipais a empresas e entidades distintas da administración pública para o fomento da contratación de persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*No caso de persoas con discapacidade e vítimas de violencia de xénero teranse tamén en conta as derivacións doutras entidades de recoñecida solvencia no traballo con estos colectivos.*

*As subvencións aquí convocadas poderán beneficiar ás contratacións que, reunindo os requisitos establecidos nas presentes bases, se teñan formalizado no período comprendido entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009.*

**1.2. Características das empresas e entidades beneficiarias**

*Empresas privadas, independentemente da súa forma xurídica, e entidades distintas da administración pública, que teñan contratado a persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. No caso de que a persoa contratada sexa muller, teña certificada*

unha discapacidade ou a ubicación do posto de traballo sexa no Casco Vello de Vigo, na área do P.E.P.R.I., que se define no ANEXO VI, a subvención ampliará a súa cuantía nas cantidades que se especifican no punto 1.4. de esta mesma BASE 1ª.

### 1.3. Requisitos para obter a condición de beneficiario/a.

1.3.1.- Non poderán obter a condición de beneficiario/a as empresas, independentemente da súa forma xurídica, nas que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1.3.2.- Será tamén requisito para obter a condición de beneficiario non ter amortizado nos últimos tres anos postos de traballo por despedimento declarado improcedente, expediente de regulación de emprego ou por causa prevista no apartado c) do artigo 52 do Estatuto dos Traballadores.

1.3.3.- A contratación terá que supoñer un aumento do cadro de persoal da empresa, en termos netos e que este aumento se manteña, cando menos, durante o tempo de vixencia do contrato obxecto da subvención.

1.3.4.- O/A beneficiario/a non poderá recibir ningunha outra axuda ou subvención pola mesma contratación, de calquera outra entidade pública ou privada, estatal ou internacional (exceptuando os incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social).

1.3.5.- As persoas contratadas polo beneficiario deberán ser persoas que participen ou tivesen participado nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

1.3.6.- O/A beneficiario/a deberá estar ó corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Vigo, coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como ó corrente das súas obrigas para coa Seguridade Social.

### 1.4. Tipos e Contías das axudas

#### Axudas á contratación temporal a xornada completa

Contratos iniciais coas seguintes características:

BENEFICIARIOS/AS	CONTRATO: 6 MESES	CONTRATO: 1 ANO OU MÁIS
Persoas participantes dalgún dos programas da concellaría	750,00 €	3.000,00 €
<b>INCREMENTO POR COLECTIVO</b>		
<ul style="list-style-type: none"><li>• Mulleres</li><li>• Persoas con discapacidade</li><li>• Posto de traballo no Casco Vello</li></ul>	250,00 €	500,00 €

<i>Persoa vítima de violencia doméstica</i>	300,00 €	600,00 €
<i>Importe Total</i>	1.300,00 €	4.100,00 €

*Axudas á contratación temporal a xornada parcial*

*Neste caso, o importe da subvención será proporcional á xornada laboral do contrato (tanto para os de duración mínima de seis meses coma para os dun ano).*

*1.4.1.- O límite máximo de subvención por empresa ou grupo de empresas asociadas non poderá exceder, polo conxunto das contratacións realizadas, de 8.000,00 €, agás naqueles casos nos que a Comisión de Valoración estime oportuno ampliar dito tope, pola importancia e repercusión da solicitude.*

*1.4.2.- As axudas que se concedan ao abeiro destas bases e convocatoria faranse con cargo ao orzamento da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na aplicación orzamentaria 32204700000- “Programa de axudas á inserción laboral “ por un importe de 30.000,00 €.*

*1.5. Obrigas do/a beneficiario/a.*

*Serán obrigas das persoas beneficiarias das subvención, ademáis das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da lei de subvencións de Galicia, as que seguen:*

*1.5.1.- Acreditar no momento da solicitude a contratación, no período comprendido entre o 16 de setembro de 2008 e o 15 de setembro de 2009, de persoas desempregadas que participen ou participasen nalgunha das accións ou programas da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá,*

*1.5.2. Se é o caso, acreditar a condición de persoa con discapacidade recoñecida ou a ubicación do posto de traballo no Casco Vello de Vigo, na área do P.E.P.R.I., que se define no ANEXO VI.*

*1.5.2.- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que se atopa ó corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), así como fronte á Seguridade Social.*

*Non procederá o pago da subvención en tanto o beneficiario non acredite estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.*

*1.5.3.- Comunicarlle ó Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.*

1.5.4.- Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante o período fixado ou, de ser ó contrario, ter cumprido ás condicións do apartado 1.6.

1.5.5.- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.

1.5.6.- O cómputo global do cadro de persoal do empresario beneficiario deberá ter estabilidade ou tendencia crecente, salvo causa xustificada, polo menos ó longo do período que dure o contrato obxecto de subvención.

1.5.7.- O beneficiario deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración a quen corresponderá a comprobación destas subvencións e facilitar a esta e a Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

1.6. Alteración das condicións de concesión das axudas.

No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se concede a subvención, con independencia da causa, a cobertura do seu posto por un/unha novo/a traballador/a, deberá terse producido ou producirse dentro dos trinta días naturais seguintes ó cese, e por un período de tempo equivalente ó que restase ou reste para a finalización do período estipulado inicialmente. En caso contrario, a empresa beneficiaria non poderá percibir a axuda ou procederá ó seu reintegro. A nova persoa contratada deberá ser tamén beneficiaria das accións ou programas municipais de emprego da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

No caso no que o Servizo de Promoción Económica e Emprego non subministrara ningunha persoa como candidata para ocupar o posto de traballo vacante, admitirase á empresa beneficiaria a incorporación dun/unha novo/a traballador/a co mesmo perfil e características da persoa substituída polo que se lle tería concedido a axuda, ou percibir o importe da subvención proporcional ó tempo efectivo da contratación.

De ser o caso, a empresa ou entidade beneficiaria dispón dun prazo de dez días naturais que contará dende a finalización do prazo que ten para a nova contratación, para comunicarlle á Concellaría de Promoción Económica e Emprego a extinción do contrato e a nova contratación e deberá acreditar:

1. Contrato de traballo da persoa contratada inicialmente subscrito na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego e declaración responsable da causa da extinción contractual.
2. Baixa da persoa contratada inicialmente.
3. Alta da nova persoa traballadora no réxime xeral da Seguridade Social.
4. Contrato de traballo da nova persoa traballadora comunicado na correspondente Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.

**BASE 2ª : EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**

Exclúense dos beneficios establecidos nestas bases as seguintes circunstancias:

- Os contratos realizados co/a cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do/a empresario/a individual, ou dos/as que ocupen cargos de dirección ou sexan membros de órganos de administración das empresas que revistan forma xurídica de sociedade.

- Estas axudas serán incompatibles con outras, que por eses conceptos, poidan outorgar outras entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, como medida de fomento do emprego. Aínda que serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións da Seguridade Social.

- Os contratos realizados con calquera dos/as participantes incluídos/as no mínimo comprometido no convenio de colaboración que se asine entre o Concello de Vigo e as empresas colaboradoras do “Programa de formación en empresas con compromiso de contratación” do Plan municipal de emprego.

### **BASE 3ª: PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS, CRITERIOS OBXECTIVOS DE ADXUDICACIÓN E ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN.**

#### **3.1.- Instrución e tramitación das axudas.**

O procedemento para a concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá tras o informe da Comisión de Valoración, propondrá a concesión ou denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será notificado a todos/as os/as solicitantes.

#### **3.2.- Comisión de valoración e seguemento.**

Estará composta polos seguintes membros:

- 1.O concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ou persoa en quen delegue **que actuará como Presidente.**
- 2.O xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego.
- 3.Dous/Dúas técnicos/as do Servizo de Promoción Económica e Emprego.

Dita comisión, formada por un número par de membros, contará co voto de calidade do concelleiro, que será resolutivo. O xefe do Servizo actuará como secretario. A Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, será a encargada de avaliar as solicitudes, e tramitará aquelas que reúnan os requisitos contidos nestas bases, e así mesmo levará o control, seguimento e inspección das axudas concedidas.

Para as accións de control, seguimento e inspección a comisión poderá requirirle á empresa ou entidade beneficiaria a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

### 3.3.- Criterios obxectivos de adxudicación.

No caso de que o montante total das axudas que procedese conceder en función das solicitudes debidamente presentadas supere a cantidade máxima autorizada para estas axudas, a Comisión de Valoración realizará proposta de resolución conforme ó baremo que figura nestas bases.

Para isto as solicitudes ordearanse en forma descendente segundo a puntuación obtida trala aplicación do citado baremo, sendo o importe a subvencionar o calculado, para cada solicitante, segundo o previsto no punto 1.4. destas bases, ata esgotar a cantidade máxima autorizada.

En caso de empate entre unha ou varias das solicitudes teranse en conta os seguintes criterios:

1. Duración dos contratos.
2. Número de persoas a contratar.
3. Características das persoas contratadas:
  - Vítima de violencia doméstica.
  - Discapacitado/a
  - Maiores de 45 anos.
  - Parados/as de longa duración.
  - Muller.

As solicitudes de axudas valoraranse con arranxo ao seguinte baremo:

#### DURACIÓN DO CONTRATO:

DURACIÓN CONTRATO	NÚMERO DE PUNTOS
6 MESES	3
1 ANO	5
MÁIS DE 1 ANO	10

#### CARACTERÍSTICAS PERSOAS CONTRATADAS (SEGUNDO PME):

CARACTERÍSTICAS	NÚMERO DE PUNTOS
MENORES DE 25 ANOS CON ESCASA CUALIFICACIÓN	10
MAIORES DE 45 ANOS	10
PARADOS/AS LONGA DURACIÓN	10
MULLER	10
DISCAPACITADO/A	10
VÍTIMA VIOLENCIA DOMÉSTICA	10

Sumarase a puntuación correspondente a cada unha das circunstancias que de xeito simultáneo concorran nunha mesma persoa.

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS:

NÚMERO DE PERSOAS CONTRATADAS	NÚMERO DE PUNTOS
1	2
2-4	4
MÁIS DE 4	10

EMPRAZAMENTO DO POSTO DE TRABALLO:

UBICACIÓN	NÚMERO DE PUNTOS
CASCO VELLO	5

USO DO GALEGO NA RELACIÓN COA ADMINISTRACIÓN

Sumarase un punto polo uso do galego na relación coa administración.

**BASE 4ª: SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN**

As solicitudes achegaranse, segundo modelo establecido no Anexo I, ó Rexistro Xeral do Concello de Vigo, dirixidas á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá ó “Programa de axudas municipais á contratación”, inescusablemente xunto coa totalidade da seguinte documentación, por duplicado, dos que un deles será orixinal ou copia compulsada, segundo consta no Anexo I bis:

Documentación relativa á empresa:

- Ficha de solicitude (Anexo I).
- DNI se o solicitante é empresario/a individual, ou CIF cando se trate de persoas xurídicas (neste caso achegar DNI e poder suficiente para actuar en nome da sociedade do/a representante que asina a solicitude).
- Alta no IAE da empresa que solicita a axuda e, no caso de sociedades xa constituídas, copia cotexada da escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil. E de ser o caso resolución da exención do IAE.
- Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo II).
- Certificados de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Consellaría de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Declaración xurada de non ter solicitado nin ter percibido, ningunha outra axuda polo mesmo concepto de calquera outra entidade pública ou privada (Anexo III).
- Declaración pola que se expresa a aceptación das actuacións de comprobación e seguimento que acorde a Comisión de Valoración (Anexo IV).
- Últimos TC1 (liquidado) e TC2 inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, onde conste a relación nominal de todos e todas os/as traballadores/as que estean no cadro de persoal da empresa así como a persoa pola que se percibe a axuda corespondente.
- Declaración de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a prevista no art. 10 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (Anexo V).

#### Documentación relativa a cada traballador/a

- DNI das persoas traballadoras obxecto de contratación.
- Informe da vida laboral completa do/a traballador/a obxecto da subvención expedido pola TXSS con data posterior á contratación.
- Contrato de traballo, rexistrado nunha Oficina de Emprego do Servizo Público de Emprego.
- Certificado de minusvalía ou xustificante de ter recoñecida unha incapacidade permanente en grao total ou gran invalidez (no caso da contratación de persoas discapacitadas).
- No caso de persoas vítimas de violencia doméstica o Servizo de Orientación Laboral acreditará a súa situación mediante os informes pertinentes.

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende o día seguinte a data de publicación destas bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Toda solicitude que non inclúa algunha documentación esixida na base 4ª, seralle requirida ó solicitante conforme ó establecido no artigo 71 da Lei 30/1992 do RXPAC.

A documentación relativa ás solicitudes que non resulten subvencionadas poderá ser retirada das dependencias municipais, polos/as solicitantes, no prazo de tres meses dende a publicación do acordo. Transcorrido dito prazo, a administración municipal non estará obrigada a súa custodia.

#### **BASE 5ª: PRAZO E CONCESIÓN DAS AXUDAS**

O prazo para resolver por parte da Xunta de Goberno Local será de tres meses dende a data de remate da presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dicte resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Trascorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento notificarase ós solicitantes no prazo de dez días, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Os/as adxudicatarios/as das axudas están obrigados no prazo de dez días a contar do seguinte ó da notificación a comunicar á Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a aceptación ou renuncia das axudas por escrito, transcorrido o cal sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.



*Unha vez concedidas e notificadas as axudas faranse efectivas nun pagamento único, unha vez rematado o periodo de contratación estipulado, condicionado á acreditación nun prazo máximo de 3 meses por parte do beneficiario/a como xustificación da subvención, mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas:*

- *De estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.*
- *A presentar unha vida laboral actualizada que amose o periodo total da contratación e as características da mesma.*
- *A presentar o último TC2 no que figure a persoa pola que se percibe a axuda correspondente.*

*O pago queda tamén condicionado á emisión polo servizo xestor, a concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, dun informe que acredite a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda e que se incorporará á correspondente conta xustificativa que se remita a Intervención.*

#### **BASE 6ª: NULIDADE, RENUNCIA, REINTEGRO DA SUBVENCIÓN E INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.**

*Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal.*

*Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

#### **BASE 7ª: PUBLICIDADE.**

##### **7.1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

*A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2009 do “Programa de axudas municipais á contratación”, como un dos incentivos de fomento ao emprego, enmarcado dentro do Plan municipal de emprego do Concello de Vigo e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), e nas dependencias de información do Concello de Vigo e publicarase no BOP, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.*

## 7.2.- Publicidade das subvencións concedidas.

Os datos persoais que deban facilitar os solicitantes das axudas ó serán ós efectos de comprobar a concurrencia dos requisitos necesarios para obter as mencionadas axudas e serán tratados ós exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención serán informados de xeito expreso, preciso e inequívoco pola concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, no prazo de tres meses a partir da recepción dos seus datos persoais, do tratamento dos mesmos pola devandita concellería, responsable do tratamento; da finalidade da súa obtención; do empresario que facilitou estes datos; do seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao seu honor, intimidade persoal e imaxe e da posibilidade de exercer o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento da información nos termos previstos na LO 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os mesmos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercer os empresarios solicitantes das axudas.

As axudas que se concedan ó abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no BOP de Pontevedra, cando a súa contía sexa de 3.000 € ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. Tanto os solicitantes como os traballadores por cuxa contratación se conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ó respecto e salvagarda do dereito ó honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, a listaxe de todas as axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios da Concellaría de Promoción Económica e Emprego e Participación Cidadá.

## BASE 8ª: NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

## DISPOSICIÓN FINAL

O Concello de Vigo quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que están obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

**10(1152).- ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA OS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COA XUNTA DE GALICIA-ANO 2009 (2ª FASE). EXPTE. 6120/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 19.08.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local de 9 de febreiro de 2009, a proposta do xefe de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, acordou:*

*- Aprobar as memorias para presentar á convocatoria de Programas de Cooperación 2009, que se resumen no cadro adxunto.*

*- Solicitar á Xunta de Galicia unha subvención de 4.584.975,31 € para o desenvolvemento das memorias aprobadas.*

*- Asumir as obrigas económicas que ao Concello de Vigo lle podan corresponder no desenvolvemento destes proxectos, no caso de seren aprobados pola Xunta de Galicia.*

*Con data 11 de agosto recíbense as resolucións de concesión da subvencións para os programas de cooperación coa Xunta de Galicia, concedida pola Xefa Territorial con data 17 de xullo en base a Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo e Benestar que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009. Nesta resolución otórganse as subvencións relacionadas:*

<i>Expediente</i>	<i>Denominación do programa</i>	<i>Importe da subvención</i>
<i>TR351A 2009/326-5</i>	<i>Atención permanente no rural</i>	<i>134.477,50 €</i>
<i>TR351A 2009/323-5</i>	<i>Mellora do tratamento de pragas</i>	<i>20.970,31 €</i>
<i>TR351A 2009/316-5</i>	<i>Difusión informativa e formación do comercio</i>	<i>25.209,32 €</i>
<i>TR351A 2009/315-5</i>	<i>Estudio plan municipal dinamización recursos turísticos</i>	<i>14.702,28 €</i>
<i>TR351A 2009/313-5</i>	<i>Fomento do voluntariado</i>	<i>24.181,64 €</i>
<i>TR351A 2009/312-5</i>	<i>Avalización ambiental estratéxica do PXOM</i>	<i>25.796,02 €</i>
<i>TR351A 2009/341-5</i>	<i>Informatización fondos da biblioteca Penzol</i>	<i>15.729,96 €</i>
<i>TR351A 2009/339-5</i>	<i>Catalogación do fondo local da Biblioteca central</i>	<i>15.729,96 €</i>
<i>TR351A 2009/322-5</i>	<i>Internet: Usos e potencialidade</i>	<i>6.837,30 €</i>
<i>TR351A 2009/334-5</i>	<i>Mellora iluminación e liñas eléctricas nas parroquias</i>	<i>34.284,95 €</i>
<i>TR351A 2009/330-5</i>	<i>Aplicación xestión de expedientes</i>	<i>6.554,15 €</i>
<i>TR351A 2009/331-5</i>	<i>Actualización base de datos territorial</i>	<i>6.837,30 €</i>
<i>TR351A 2009/310-5</i>	<i>Xestión do solo municipal para vivenda protexida</i>	<i>41.643,50 €</i>
<i>TR351A 2009/327-5</i>	<i>Adecantamento mobiliario urbán</i>	<i>26.629,27 €</i>
<i>TR351A 2009/333-5</i>	<i>Prevención violencia de xénero</i>	<i>29.410,87 €</i>

TR351A 2009/329-5	Centro de atención a usuarios no servizo de informática	6.837,30 €
TR351A 2009/320-5	Mellora do servizo de RRHH e réxime interior	6.368,12 €
TR351A 2009/340-5	Creación dunha mediateca na biblioteca central	36.331,18 €
TR351A 2009/309-5	Incorporación licencias a cartografía	6.837,30 €

Polo anteriormente exposto PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aceptar a subvención concedida na resolución da Xefa Territorial da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, de data 17 de xullo de 2009, en base a Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009, cos expedientes TR351A 2009/326-5, TR351A 2009/323-5, TR351A 2009/316-5, TR351A 2009/315-5, TR351A 2009/313-5, TR351A 2009/312-5, TR351A 2009/341-5, TR351A 2009/339-5, TR351A 2009/322-5, TR351A 2009/334-5, TR351A 2009/330-5, TR351A 2009/331-5, TR351A 2009/310-5, TR351A 2009/327-5, TR351A 2009/333-5, TR351A 2009/329-5, TR351A 2009/320-5, TR351A 2009/340-5 e TR351A 2009/309-5, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de 485.368,23 €, para a posta en marcha dos Programas de Cooperación 2ª fase para o exercicio do ano 2009.
2. Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009 conforme ao establecido na Orde de 29 de xuño de 2008 da Consellería de Traballo que regula a convocatoria dos Programas de Cooperación para o exercicio do ano 2009, pola que se subvenciona a contratación, por parte das entidades locais, de persoal traballador desempregado con especiais dificultades de inserción, para a realización de obras ou servizos de interese xeral e social e proceda ao axuste do contido do proxecto ao presuposto aprobado, reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime convinte.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **11(1153).- FIXACIÓN DO PREZO DE VENDA AO PÚBLICO DO CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN “CELSO VARELA. DENDE A MIÑA FIESTRA”. EXPTE. 3664/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do responsable técnico de exposicións, do 18.08.09, conformado por delegación, polo tenente de Alcalde, a Xunta de Goberno local acorda:

Poñer á venda 200 catálogos, dos 500 editados co gallo da exposición ”CELSO VARELA. DENDE A MIÑA FIESTRA” a un prezo unitario de venda ó público de NOVE (9) EUROS.-, I.V.E. incluído, reservando o resto da edición para as necesidades protocolarias do Concello e de intercambio.

**12(1154).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DESAFIUZAMENTO ADMINISTRATIVO Á ENTIDADE ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO S.L. POLA OCUPACIÓN DO EDIFICIO “MIRADOR DO CASTRO”. EXPTE. 18561/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 3.07.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Normativa de aplicación:*

- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).*
- *Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).*
- *RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).*

*Antecedentes:*

*Primeiro.- O concello de Vigo, en sesión plenaria de 29 de setembro de 1986, acordou adxudicar á entidade Asociación Hostelera de Vigo SA (na actualidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL) , en réxime de concesión administrativa, a explotación do bar-cafetería e almacén-depósito do Mirador do “Castro”, sito no Parque Municipal do Castro, consonte co prego de condicións aprobado polo mesmo órgano o 15 de maio de 1986.*

*Segundo.- A citada concesión administrativa finalizou o día 10 de marzo de 2009, o que lle foi comunicado á entidade concesionaria con anterioridade ao remate da mesma, procedéndose, mediante Decreto da Alcaldía de data 9 de febreiro do 2009, a nomear unha comisión municipal encargada da recepción e toma de posesión do edificio e instalacións, e a sinalar como data para o acto, o día 11 de marzo do 2009.*

*Terceiro.- Na acta de toma de posesión do edificio Mirador do Castro faise constar que, persoa a comisión municipal para a súa recepción, don Domingo Piñeiro Cubelo, actuando en representación da empresa concesionaria, négase a proceder á mesma, reiterando a solicitude formulada por escrito de prorroga da concesión, manifestando que esta non se prolongará mais alá do mes de outubro do 2009.*

*Cuarto.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 13 de abril do 2009, acordou “Denegar á ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL a prorroga do prazo da concesión administrativa outorgada para a explotación do bar-cafetería e almacén-depósito do Mirador do “Castro”, sito no Parque Municipal do Castro desta cidade de Vigo, ao non ser admisible de acordo co prego de condicións e bases aprobados polo pleno municipal en sesión de 16 de maio de 1986 polo que se rexe.”.*

*Acordo notificado á interesada en data 28.04.2009, e non recorrido, tendo adquirido firmeza en vía administrativa.*

*Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.- A xestión e a administración dos bens e dereitos demaniais polas Administracións Públicas, de acordo co artigo 6 LPAP, axustarase, entre outros, ao principio de exercicio dilixente das prerrogativas que as leis outorguen ás Administracións públicas, garantizando a súa conservación e integridade. Entre estas prerrogativas, os artigos 41.1.d LPAP, 280 LALG e 44.1.d RBEL outórganlle*

ás entidades locais a potestade de desafuzamento administrativo dos posuidores dos inmóbeis demaniais, unha vez extinguido o título que amparaba a tenencia.

*Segundo.- As Administracións públicas poderán recuperar en vía administrativa a posesión dos seus bens demaniais cando decaian ou desaparezan o título, as condicións, ou as circunstancias que lexitimaban a súa ocupación por terceiros (artigo 58 LPAP). No presente caso, a extinción do prazo da concesión administrativa outorgada á entidade interesada e, consecuentemente, a carencia de título que lexitime na actualidade a ocupación do edificio Mirador do Castro, faculta a esta Administración para o exercicio do procedemento de desafuzamento administrativo, de conformidade co disposto na normativa de bens das Entidades Locais, e de acordo co procedemento regulado no Título II do RBEL, que comenza dispoñendo que “a extinción dos dereitos constituídos sobre bens de dominio público ou comunais das Entidades locais, en virtude de autorización, concesión ou calquera outro título e das ocupacións a que teñan dado lugar, efectuaráse polas Corporacións, en todo caso, por vía administrativa, mediante o exercicio das súas facultades coercitivas, previa indemnización ou sen ela, segundo proceda, con arranxo a dereito” (artigo 120).*

*Terceiro.- Resulta competente para adoptar o acordo de incoacción do procedemento de desafuzamento administrativo, a Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 127.1.j) da LR-BRL.*

*Por tódolo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:*

*“1º.- Incoar procedemento de desafuzamento administrativo contra a entidade ASOCIACIÓN HOSTELERA DE VIGO SL, pola ocupación ilícita do edificio denominado Mirador do Castro, situado no Parque municipal do Castro, ao ter vencido a concesión administrativa e non dar cumprimento a súa obriga de entrega e posta a disposición deste Concello do mesmo.*

*2º.- Concederlle trámite de audiencia ao interesado por prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á notificación da presente resolución, para que poida examinar o expediente e formular as alegacións que estime por conveniente, na defensa dos seus dereitos”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(1155).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA DA A.VV. CALVARIO AO DEREITO DE USO DO LOCAL “C3” PARA QUE SE POIDA HABILITAR COMO BIBLIOTECA MUNICIPAL. EXPTE. 18636/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de patrimonio, do 8.05.09, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Primeiro.- O Pleno municipal en sesión do 28 de novembro de 1996 acordou:*

Primeiro.- Ceder á asociación de veciños de "El Calvario", sen prexuízo de que se cumprimenten tódolos requisitos esixidos polo artigo 110 do vixente RBEL, o uso do local de propiedade municipal, situado no edificio "Rivera Atienza", na cota +1, con respecto á Avda. Martínez Garrido, e con entrada por dita avenida, cunha superficie de 154 m<sup>2</sup>., cos seguintes lindeiros: norte, corredor, escaleiras e Avda. Martínez Garrido; sur, xardín interior; leste, o local comercial C-2 segregado e descrito baixo o núm. 4; oeste, corredor e bloque 8.

Segundo.- O prazo da cesión de uso do local será por vintecinco anos.

Terceiro.- Condiciona-la cesión a que as futuras obras de adaptación do local contén necesario proxecto técnico conformado pola concellería de Participación Cidadá, así como da preceptiva licenza de obras outorgada por este Concello.

Cuarto.- O local cedido deberá destinarse exclusivamente ao uso das actividades propias da asociación, en caso contrario, quedará resolta a presente cesión.

Quinto.- O expediente someteráse á información pública polo prazo de quince días no taboleiro de anuncios do Concello.

Sexto.- Serán por conta da asociación tódolos gastos de mantemento do local, tales como luz, auga, limpeza, gastos da comunidade, se os houbera, etc.

*Segundo.*- O Presidente da AA. VV do Calvario, en escrito de data 30 de setembro de 2008, comunica que a Xunta Directiva da Asociación acordou a renuncia á cesión de uso do local municipal de 154 m<sup>2</sup>, da Rúa Avda. Martínez Garrido, que lle fora cedido polo Concello de Vigo por acordo do Pleno da Corporación municipal adoptado na sesión do 28 de novembro de 1996. A renuncia desta Asociación de Veciños do Calvario ao uso do citado local prodúcese para que ese espazo se poida destinar a biblioteca pública municipal, de tal forma que se a biblioteca non comenzara a funcionar durante o ano 2009 o acordo de renuncia quedaría revocado e a Asociación de Veciños do Calvario recuperaríase o uso para as súas propias actividades e funcionamento.

*Terceiro.*- Pola oficina do Inventario municipal informouse en data 7.05.2009 que o local atopase vacío e sen actividade.

#### *Fundamentos de dereito:*

*Primeiro.*- O local comercial "C3" da urbanización Rivera Atienza, sito na cota + 1 respecto á Avda. Martínez Garrido, e con entrada por dita avenida, dunha superficie de 154 m<sup>2</sup>, é de titularidade municipal, adquirido do IGVS mediante cesión gratuita no ano 1994, cuxo uso foille cedido á AA.VV do Calvario por acordo plenario do 28.11.1996, baixo as condicións e termos xerais previstos na normativa reguladora dos bens das entidades locais, e as particulares contidas no propio acordo plenario, entre outras, a do prazo de duración (25 anos) e destiño exclusivo ás actividades propias da asociación.

*Segundo.*- O RBEL regula no seu art. 111 os supostos de extinción ou resolución das cesións outorgadas polas entidades locais, establecendo neste senso que se os bens cedidos non foran destinados ao uso dentro do prazo sinalado no acordo de cesión ou deixara de sêlo posteriormente considerárase resolta a cesión e revertirán aqueles á Corporación Local, quen tendrá dereito a percibir da en-

*tidade beneficiaria, previa tasación pericial, o valor dos detrimentos experimentados polos bens cedidos. Se no acordo de cesión non se estipula outra cousa, entenderase que os fins para os cales se houbera outorgado deberán cumprirse no prazo máximo de cinco anos, debendo manterse seu destiño durante os trinta anos seguintes. Os bens cedidos revertirán, no seu caso, ao patrimonio da entidade cedente con todas as súas pertencenzas e accesións. De acordo co informado pola oficina do inventario sobre a situación na que se atopa na actualidade o local, pode concurrir suposto de resolución da cesión outorgada ao ter transcorrido o prazo fixado dos cinco anos para o cumprimento do seu destiño, ao non adicarse aos fins cedidos.*

*Sen perxuício do exposto, a necesidade de habilitar na actualidade o local a outro uso de interese público municipal, como é o de biblioteca pública, motivou a adopción do acordo de renuncia pola AA. VV do Calvario á cesión feita no seu día polo pleno municipal. Dita renuncia de dereitos é un modo de extinción da cesión, admisible no noso ordenamento xurídico (art. 6.2 do código civil), que supoñe unha declaración de vontade dirixida ao abandono ou dexación dun beneficio, cousa, dereito, expectativa ou posición xurídica, non suxeita á unha forma especial, poidéndose producir de xeito tácito ou implícito.(SSTS 16.10.1987, 5.05.1989, ó 30.10.2001).*

*Terceiro.- Resulta competente para a aceptación da renuncia formulada pola AA.VV do Calvario a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto na DA Segunda da Lei 33/2007 de Contratos do Sector Público.*

*Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:*

*“Primeiro.- Aceptar a renuncia da AA.VV do Calvario ao dereito de uso do local “C3” da urbanización Rivera Atienza, sito na cota + 1 respecto á Avda. Martínez Garrido, e con entrada por dita avenida, dunha superficie de 154 m<sup>2</sup>, outorgado por acordo plenario do 28 de novembro de 1996.*

*Segundo.- Que polos servizos técnicos se proceda a recepción e informe do estado do local.*

*Terceiro.- Adscribir o local á Concellería de Cultura para o seu destino á biblioteca pública.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(1156).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. JUAN RAMÓN PÉREZ PÉREZ CONTRA O ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 26.08.08 SOBRE DESAFECTACIÓN DO CAMIÑO LONGRA R-7. DESESTIMADO. EXPTE. 18023/240.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 4.08.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- *L 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).*
- *L 33/2003 de 3 novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP)*



- L30/1992 de 26 de novembro, de Reximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 de 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Reximen Local (TRRL)
- RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### ANTECEDENTES DE FEITO:

*D. Juan Ramon Perez Perez, formula recurso de reposición o 03.11.2008 contra acordo da Xunta de Goberno Local de 26.08.2008 polo que desestimouse a reclamación administrativa previa a via xurisdiccional civil, o non resultar proceente a rectificación inventarial solicitada respecto o Ramal 7 do camiño Longra, en Coruxo.*

*Acordo que foille notificado ao interesado en data 3 de outubro do 2008.*

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

*PRIMEIRO.- Procede admitir a tramite o recurso de reposición interposto por canto se fai en tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 LRXAP e PAC.*

*O interesado no seu recurso manifesta que dito camiño é en realidade unha servidume de paso a pie para as fincas rusticas, non tendo instalacións públicas nin características de ben de dominio público o non atoparse afectado o uso xeral ou servizo público, reiterando a solicitude de rectificación da súa inclusión inventarial.*

*SEGUNDO-. Ninguan destas alegacions ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto ademais de non fundamentarse en ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts 62 e 63 da LRXAP E PAC, como así se exige no art. 107 do citado texto legal, non se observa tampouco dita concorrencia.*

*No acordo, agora recurrido, resolvese sobre a solicitude principal do interesado, para a desafectación do R-7 do camiño Longra ao uso público o que ven sendo destinado e tal como se reflecta no inventario municipal de bens e dereitos deste Concello, sen que o alegado por este desvirtuen os razonamentos xurídicos na que basease dita resolución.*

*Neste senso, nos fundamentos xurídicos do acordo adoptado pola xunta de Goberno local, faise unha delimitación do ámbito competencial desta administración en relación o solicitado polo interesado, sinalándose en relación os dereitos dominicais sobre o terreo afecto, que a controversia debebase centrar na configuración ou non dese camiño como público pola súa afectación ó uso público en xeral e polo tanto da posesión pública e pacífica por parte deste Concello, sen que proceda entrar en cuestións de dereito privado que poidan plantexarse, ó ser competencia para seu coñecemento e resolución, sobre titularidades dominicais ou cuestións de propiedade, á xurisdicción civil dacordo co art. 5 da LEC.*

*A consideración do camiño como dunha servidumbre de paso, é contrario o uso público que resulta das declaracións dos veciños formuladas na instrucción do expediente ou do contido da sentenza núm. 193/2007 do Xulgado de 1ª Inst. N.11 de Vigo achegada o mesmo, non respondendo nin acreditándose, como pretende a recurrente, que se trate dun uso privativo e exclusivo para unha comunidade de usuarios de paso e servizo dos seus predios. Como quedou constatado no expediente dito*

*camiño é unha via pública integrada na red viaria municipal, polo tanto de uso xeral por todos os veciños e non de uso privativo ou exclusivo de determinadas fincas.*

*TERCEIRO.- Tal e como sinala o art. 339 do C.C.: son bens de dominio público, os destinados o uso público, como os camiños, canais, torrentes.... , concretando asimesmo no seu art. 344 que teñen esta consideración de bens de uso público, nas provincias e pobos, os camiños provinciais e veciños.*

*O carácter público do camiño ven determinado polo uso público que de xeito xeral e común fan os veciños, sen que, en contraposición o alegado pola recurrente, podase atender a criterios como os da existencia de servizos (neste senso resulta correcto o alegado sobre a ausencia de alumeadado público, a teor do informe emitido o efecto polo servizo de electromecánicos o pasado 10.07.2009) ou as súas características físicas (longura, lonxitude, etc) para determinar a natureza demaial ou privativa do camiño. O contrario sería negar a realidade da súa existencia, xa que nalguns casos os camiños nas zonas rurais son de carácter rudimentario, carentes de firme ou servizos públicos, que non semellan das mesmas características que as vías urbanas, aínda que sexan igualmente públicos.*

*CUARTO.- Corresponde a Xunta de Goberno Local, a resolución do recurso de reposición interposto contra o seu acordo de 26.08.2008, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*“UNICO. Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Juan Ramon Perez Perez contra o acordo da Xunta de Goberno Local 26.08.2008 o non resultar desvirtuados, polos razonamentos expostos nos antecedentes do presente, os fundamentos técnicos e xurídicos que motivaron a súa adopción.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **15(1157).- ABOAMENTO DE COTAS DE COMUNIDADE A FAVOR DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE.18704/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 10.08.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade, á Comunidade de Propietarios do inmovible sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 5.254,32 euros, polo importe correspondente os meses de xulio, agosto e setembro de 2009, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

O gasto deberá imputarse a partida 12102112005 do vixente presuposto.

**16(1158).- SOLICITUDE DE REINGRESO AO SERVIZO ACTIVO PROCEDENTE DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DE D. HIGINIO DURÁN CABOBIANCO. EXPTE. 19221/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta formulada con data 3 de agosto pola xefa do Servizo de Recursos Humanos coa conformidade do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 20 do mesmo mes, a Xunta de Goberno Local acorda:

**Primeiro.-** Previa a correspondente fiscalización polo Intervención Xeral, autorizar o reingreso do traballador municipal D. Higinio Durán Cabobianco, con DNI 36.048.760-D suxeito ao réxime laboral, na súa praza de oficial e posto de oficial desinfector, cod. posto funcional 313.06, cód. retributivo 240 da vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local o 21 de xaneiro de 2009, no Servizo de Desinfección cod. 313, provinte da situación de excedencia voluntaria por interese particular, por existir vacante de dito posto.

**Segundo.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado, Sr. Capataz do Servizo de Desinfección, Sra. Concelleira delegada de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social).

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses tamén dende o día seguinte ao da notificación o publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos art. 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**17(1159).- ABOAMENTO DE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIALS E EXTRAORDINARIOS, NOCTURNIDADE E FESTIVIDADE A D. EMILIO DIAS DE LA IGLESIA (SERVIZO EXTINCIÓN DE INCENDIOS). EXPTE. 19180/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, de conformidade coa proposta formulada con data 15 de xullo de 2009 pola técnica de RRHH, coa conformidade da xefa do Servizo de Recursos Humanos e máis do concelleiro delegado, visto o informe da Intervención Xeral de data 19 de agosto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna e en compensación ás horas en exceso a D. Emilio Dias de la Iglesia, correspondentes ao período comprendido entre o 7 de xullo ao 18 de decembro de

2008, por un total de 3339,85 €, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**18(1160).- PROPOSTA DE CESIÓN DE TERREO NA INTERSECCIÓN DAS RÚAS ERNESTO LECUONA E BAIXADA AO CAPITÁN. EXPTE. 4866/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do técnico de Admón. Xeral, do 14.08.09, conformado polo xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

*I. FEITOS/ANTECEDENTES*

*I.1. Logo de diversas xestións realizadas pola Concellería delegada de Distritos, o 24.09.2008 D<sup>a</sup> Rosalía Montoto Palmou (DNI 00773234-C) presentou no Rexistro xeral do Concello de Vigo un escrito (Doc. nº 80117171) no que manifestaba a súa total disposición para ceder ó Concello 79 m<sup>2</sup> de terreo da súa propiedade, situada no nº 10 da rúa Baixada ó Capitán (Lavadores), coa finalidade de regularizar o viario no encontro das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ó Capitán. Achegou tamén copia dos títulos de propiedade.*

*I.2. Como contrapartida, o Concello debería:*

- *Recoñecerlle a edificabilidade derivada do actual PXOM vencellada á porción de terreo obxecto de cesión (= 94,80 m<sup>2</sup>c).*
- *Asumir a execución do novo muro de peche.*
- *Permutar unha superficie de titularidade municipal de 50 m<sup>2</sup>, actualmente sen uso, sobrante da corrección das aliñacións do viario («Ramal R.2 – Baixada ó Capitán») e construción polo Concello dun novo peche.*
- *Formalización do acordo de cesión (escritura pública, acordo do Consello da XMU...).*

*I.3. En data 04.12.2008 o topógrafo municipal emitiu o seguinte informe:*

*«Achego plano escala 1/250 do levantamento topográfico efectuado na intersección das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ao Capitán, no que se reflicten as aliñacións do PXOM e que afecta á propiedade de D. Camilo Fernández Soto a cantidade de 133,00 m<sup>2</sup>; e que define do anterior informe de data 27 de novembro de 2007, baseado no levantamento topográfico da rúa Ernesto Lecuona e a súa prolongación, que non é coincidente coa fixada no actual PXOM, o cal significa que non procede efectuar a permuta solicitada de 50 m<sup>2</sup>, debido a que o dito terreno se incorpora dentro do vial coa nova aliñación fixada».*

*I.4. Á vista do anterior informe, o 16.12.2008 deuselle traslado do informe xurídico da TAX da Oficina de Planeamento – Xestión do 10.12.2008 no que se indicaba que: «consonte coas aliñacións fixadas polo novo Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo, aprobado pola Consellería de Política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia a medio de orde do 16 de maio de 2008 e publicado no DOGA do 3/06/08 e no BOP do 6/08/08, a superficie de cesión para a regularización viaria na intersección das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ao Capitán, é de 133 m<sup>2</sup> en lugar dos 79 m<sup>2</sup> que propón a interesada, quedando así mesmo, incorporada ao viario a porción dos 50 m<sup>2</sup> solicitados para a incorporación ao seu patrimonio, o que impide a devandita pretensión de alleamento».*

*Deuselle trámite de audiencia polo prazo de 15 días para que puidese presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estimase procedentes; cousa que non fixo.*

I.5. Como consecuencia das queixas expresadas por determinados veciños da zona e a petición da Concellería delegada de Distritos, o 05.05.2009 a enxeñeira técnica do Servizo municipal de Mobilidade e Seguridade emitiu informe sobre o asunto nos seguintes termos: «Na rúa Ernesto Lecuona, no cruce con Baixada o Capitán encontrábase unha curva cun radio de xiro moi brusco e con pouca visibilidade para a circulación viaria. Por motivos de seguridade tanto dos peóns como dos vehículos sería aconsellable mellorar o radio de xiro no cruce antes mencionado así como a continuación da beirarrúa na marxe da cal se acompaña fotografía».

I.6. Á vista do interese público apreciado no anterior informe e mediante outro oficio da Oficina de Planeamento – Xestión desta XMU, notificado o 25.05.2008, ofreceuse á Sra. Montoto Palmou a posibilidade de materializar a cesión dos 133 m2 afectados polas aliñacións do novo PXOM a cambio do recoñecemento expreso da edificabilidade correspondente a esa superficie (ademáis da reconstrución do muro de peche). Concedeuse un novo trámite de audiencia, por igual prazo, no que non manifestou a súa conformidade cos termos desta proposta.

I.7. No mes de xuño de 2009, o Concelleiro de Distritos, Sr. Rivas González, manifesta diante do técnico que subscribe que, despois de falar persoalmente con ela, D<sup>a</sup> Rosalía Montoto Palmou estaría de acordo en ceder os 79 m2 realmente necesarios para a regularización do viario a cambio do recoñecemento da edificabilidade xenerada e da reconstrución do muro polo Concello, renunciando á adquisición mediante permuta dos 50 m2 do «Ramal R.2 – Baixada ó Capitán».

I.8. O 26.06.2009, en visita de inspección ó lugar de referencia, o técnico informante, acompañado do topógrafo municipal, Sr. Saavedra Rodríguez, puido comprobar “in situ” tanto o problemático encontro para o tráfico rodado daquelas dúas rúas como a necesidade de completar a beirarrúa existente e de acondicionar minime o espazo residual constituído hoxe en día polo «Ramal R.2 – Baixada ó Capitán».

I.9. Sobre a suficiencia deses 79 m2 para lograr o obxectivo pretendido de regularizar o viario e mellorar as súas condicións de visibilidade e seguridade, informou tamén favorablemente o Xefe da Área de Mobilidade e Seguridade o 26.06.2009, suñando que: «...o retranqueo proposto entre Ernesto Lecuona e Baixada ao Capitán de 79 metros cadrados considerase abondo para mellorar sensiblemente a seguridade vial do cruzamento e, asemade, favorece a xestión dos tráfico e a visibilidade. Polo anterior considerase moi oportuna a cesión da superficie indicada para mellorar a mobilidade no devandito cruzamento».

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- CC (Código Civil, Real Decreto do 24 de xullo de 1889).
- LPAP (L.33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas).
- LCSP (L.30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público).
- RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. públicas.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RBEL (RD.1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de Bens das Corporacións Locais).

- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).
- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).

### III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A parcela propiedade de D<sup>a</sup> Rosalía Montoto Palmou, sinalada co nº 10 da rúa Baixada ó Capitán (Lavadores) está clasificada no vixente PXOM de 2008 como Solo Urbano Consolidado (SUC), con Ordenanza de aplicación nº 7 («Residencial de media densidade»), Grao 3º. Está parcialmente afectada polas novas aliñacións das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ó Capitán, coa superficie e trazado que se reflicte no plano de deslinde elaborado pola Oficina de Cartografía en decembro de 2008 (E: 1:250) obrante no expediente.

III.2. A parcela contaría cunha superficie aproximada duns 646 m<sup>2</sup> (657 m<sup>2</sup> segundo o Catastro) e unha superficie construída de 189 m<sup>2</sup>c. A súa referencia catastral é: 5454727NG2755S0001O. Xúntase en anexo consulta descritiva e gráfica de datos catastrais obtida da oficina virtual do catastro (<http://ovc.catastro.meh.es/>).

III.3. Figura inscrita no Rexistro da propiedade nº 2 de Vigo o 29.08.1973, ó Tomo 543, Libro 249, folio 248, finca nº 18.782, inscrición 3ª, figurando como únicos titulares D<sup>a</sup> Rosalía Montoto Palmou e o seu cónxuxe D. Camilo Fernández Soto, xa falecido. Achégase ó expediente nota simple informativa do Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, do 30.06.2009.

III.4. Tratándose dun SUC, as únicas posibilidades, a día de hoxe, de obter os terreos exteriores ás aliñacións do viario fixadas polo Plan pasarían pola expropiación forzosa, o convenio coa propiedade ou a permuta forzosa con terreos do PMS (Arts. 166.1 e 167.1 e concordantes LOUGA); sen prexuízo da súa cesión gratuíta –coa concesión da licenza de obras– naqueles casos en que, para adquirir a condición de soar, aínda fose necesario completar a urbanización (Art. 19.a) LOUGA e Art. 3.2.6 PXOM); o que non sucede neste caso, onde nos atopamos cun soar xa edificado.

III.5. De acordo co Art. 2.7.27.1 das NNUU do PXOM, nas parcelas fóra de aliñación, a súa regularización deberá levarse a cabo mediante a cesión gratuíta ó municipio dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións. Tratándose dunha finca edificada, dita cesión produciríase cando na mesma se pretendesen executar obras de reestructuración (parcial ou xeral), demolición ou nova edificación.

Con todo, tamén se reconece a posibilidade de que o Concello inste tal cesión cando promova actuacións illadas axustadas ás determinación do Art. 124 da LOUGA, para a execución de elementos concretos previstos no planeamento, sen necesidade de aplicar os mecanismos coactivos relacionados no seu Art. 166.1 (expropiación, permuta forzosa).

III.6. Así mesmo, a teor do Art. 2.7.27.1.e) do PXOM, a cesión do espazo definido pola aliñación do Plan Xeral en parcelas xa edificadas no momento da súa aprobación definitiva non modificará a condición de parcela mínima, polo que a redución de superficie só afectaría, en principio, en caso de posibles ampliacións, á aplicación do índice de edificabilidade.

III.7. En todo caso, terase en conta que, conforme co Art. 6.5.6.3 das NNUU do PXOM, nos supostos en que unha parcela de SUC tivese que ceder parte dos terreos destinados a viais fóra das aliñacións establecidas no planeamento, nas Ordenanzas nas que o aproveitamento se estableza por un coeficiente de edificabilidade, como acontece coa Ordenanza nº 7 (Art. 9.7.11 PXOM: índice de aproveitamento máximo = 1,20 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>), poderase aplicar este índice á superficie da parcela antes de materializar a cesión.

III.8. En xeral, sobre a viabilidade xurídica de obter a cesión anticipada de terreos para a regularización viaria e outras finalidade de interese público en solos clasificados como urbanos e urbanizables; sobre os efectos urbanísticos desas cesións a teor do novo PXOM e o procedemento a seguir, remitímonos ó informe do Sr. secretario da XMU do 28.01.2009, emitido por solicitude da Sra. Xerente, cuxas conclusións –no esencial- aquí se comparten.

III.9. Dispón o Art. 15 da LPAP que: «As administracións públicas poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico e, en particular, polos seguintes: a) Por atribución da lei. b) A título oneroso, con exercicio ou non da potestade de expropiación. c) Por herdanza, legado ou doazón. d) Por prescrición. e) Por ocupación». En termos semellantes pero referido, en particular, ás Corporacións Locais exprésanse os Arts. 10 do RBEL e 271 da LALGA.

III.10. De acordo co Art. 618 do CC, a doazón é un acto de liberalidade polo cal unha persoa dispón gratuitamente dunha cousa en favor doutra, que a acepta.

Trataríase, no caso presente, dunha doazón modal, baixo condición onerosa e cun claro propósito urbanístico. A carga viría representada polo importe que o Concello deberá asumir pola execución do novo muro de peche, estimado inicialmente polos servizos técnicos da XMU en 3.888,59 €; cifra moi inferior á considerada como valor urbanístico da porción de terreo (79 m<sup>2</sup>) que se propón adquirir por cesión o Concello: 51.707,98 € (informe da arquitecta municipal de Planeamento – Xestión do 30.06.2009); co que se entende cumprido o disposto nos Arts. 21.3 da LPAP, 12.2 do RBEL e 273.1 pfo. 2º da LALGA e, no mesmo sentido, no ámbito civil e a propósito das doazóns, no Art. 619 do CC.

Faise constar tamén que a Concellería de Área de Servizos Xerais e Vías e Obras incluiu xa esta actuación dentro do Programa das previstas por executar nas rúas Curros e Baixada ó Capitán (“Obras complementarias”) e ten asignado un PEM (s.e.u.o.) de 6.340,48 €.

III.11. A doazón debe ser expresamente aceptada, baixo pena de nulidade (Arts. 629-630 CC) e require forma “ad solemnitatem” como requisito de validez (Art. 633 CC). Tratándose de bens inmoebles, a doazón e a súa aceptación deberán constar en escritura pública, expresándose nela individualmente os bens obxecto da doazón e o valor das cargas que deba satisfacer o donatario-Concello. A inobservancia dese requisito de forma determinaríaa a súa nulidade radical.

III.12. Aplicados os criterios substantivos e de procedemento ó caso examinado, entendemos que resultaría factible a doazón ou cesión anticipada do terreo necesario para esa regularización do viario, con recoñecemento do aproveitamento urbanístico derivado da ordenación actual do Plan (Ordenanza nº 7, Grao 3º). Cumpriríanse, no fundamental, as condicións esixibles para levar a cabo esta operación; a saber:

- 1) Que a cesión estea prevista no PXOM: con ser certo que a afección das aliñacións segundo o PXOM (Plano nº 9-P) é algo maior (133 m<sup>2</sup>), tamén o é que –mesmo sen necesidade de cuestionar neste trámite a discutible corrección das aliñacións finalmente plasmadas no documento do Plan Xeral-, coa obtención voluntaria e anticipada dos 79 m<sup>2</sup> de referencia (incluídos naqueles 133 m<sup>2</sup>) acadaríase plenamente a regularización do viario, necesaria para mellorar a seguridade do tráfico peonal e rodado na confluencia das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ó Capitán, que é o obxectivo básico perseguido nesta actuación.

- 2) *Que a superficie por ceder estea claramente identificada en planos: xúntase a este informe-proposta copia do plano nº 3 de deslinde (E: 1:250) elaborado en decembro de 2007 pola Oficina de Cartografía no que se reflicte claramente a superficie de cesión.*
- 3) *Que a cesión sexa realizada, precisamente, pola titular rexistral: figura no expediente copia dos títulos de propiedade achegados pola interesada e a precitada nota simple informativa do Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo, de data 30.06.2009, recabada de oficio para estes exclusivos efectos pola Oficina de Planeamento – Xestión da XMU, na que se reflicte aquela titularidade rexistral e a inexistencia de cargas que lle afecten.*
- 4) *Que se acredite que o valor da carga ou gravame imposto non excede do valor do terreo que se adquire: resulta acreditado este extremo nos termos indicados no Apdo. III.10 deste informe, por referencia ó informe da arquitecta municipal do 30.06.2009.*
- 5) *Tramitación de procedemento, no que constará a aceptación e conformidade da propiedade e do Concello. No seu momento, instarase tamén a inscrición daquela porción de terreo no Inventario municipal e no Rexistro da Propiedade a favor do Concello de Vigo. Pola súa banda, a interesada podería instar tamén, ó abeiro do RD.1093/1997, a inscrición rexistral ó seu favor do aproveitamento urbanístico que, en contrapartida, se lle recoñece.*

*III.13. Mediante oficio de data 28.07.2009 remitiuse á interesada copia do presente informe-proposta, a fin de que –previamente á súa aprobación polo órgano municipal competente- manifestase de forma expresa, por escrito, a súa conformidade; o que así fixo mediante escrito que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 14.08.2009 (Doc. nº 90119985).*

*III.14. É competente para adoptar o acordo que a seguir se proporá, a Xunta de Goberno Local (Art. 127 LR-BRL, en relación coa Disposición Adicional 2ª, Apdo. 3 da LCSP).*

#### IV. PROPOSTA

*Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,*

##### «ACORDO

*PRIMEIRO: Aceptar a doazón ou cesión anticipada de 79 m2 de superficie, a segregar da parcela situada na rúa Baixada ó Capitán nº 10 (Lavadores), que conta coa referencia catastral nº 5454727NG2755S0001O e que figura inscrita no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo ó Tomo 543, Libro 249, folio 248, finca nº 18.782, inscrición 3ª, realizada pola actual propietaria, Dª. Rosalía Montoto Palmou (DNI 00773234-C) a favor do Excmo. Concello de Vigo para a súa afectación ó uso público local con destino á regularización do viario municipal na intersección das rúas Ernesto Lecuona e Baixada ó Capitán. Esta cesión reflíctese graficamente no plano nº 3 de deslinde (E: 1:250) elaborado en decembro de 2007 pola Oficina de Cartografía, que consta no Exp. nº 4866/401.*

*SEGUNDO: Recoñecer á interesada o aproveitamento urbanístico vencellado á superficie obxecto de cesión, que se concreta en 94,80 m2c (79 m2 x 1,20 m2c/m2), derivados da ordenanza urbanística aplicable segundo o vixente PXOM (Ordenanza nº 7, Grao 3); aproveitamento inscribible no Rexistro da Propiedade nas condicións reseñadas no RD.1093/1997, do 4 de xullo.*



*TERCEIRO: Asumir a execución material, a custa exclusiva do Concello, da demolición da parte do muro de peche afectada e a súa posterior reconstrucción.*

*CUARTO: Formalizar en escritura pública a presente doazón ou cesión anticipada, instando a súa inclusión no Inventario xeral de Bens e Dereitos do Concello de Vigo e a inscrición rexistral da superficie cedida ó seu favor.*

*QUINTO: Notificar este acordo á interesada, dando tamén traslado del á Concellería delegada de Distritos, ó Servizo de Cartografía e ás Oficinas de Vias e Obras, Mobilidade e Seguridade e Patrimonio do Concello de Vigo».*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis procedente.*

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **19(1161).- RENUNCIA DE D<sup>a</sup> SAILA DOMÍNGUEZ PÉREZ Á BOLSA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS. Expte. 2821/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo e Comercio, do 31.08.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Comercio e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aceptar a renuncia expresa e xustificada de D<sup>a</sup> Saila Domínguez Pérez, con DNI 77006159C á bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do Concello de Vigo, que lle fora adxudicada por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2009. O cesamento terá efectos dende o día 27 de agosto de 2009 incluído.

2º.- Aprobar o aboamento de 754,84 euros (setecentos cincuenta e catro con oitenta e catro euros, que se corresponden coa fracción comprendida entre os días 1 e 26 de agosto de 2009, ambos inclusive (  $900:31 = 29,0322 \times 26 \text{ días} = 754,84 \text{ euros}$ ) a favor de de D<sup>a</sup> Saila Domínguez Pérez, con DNI 77006159C, en concepto de bolsa para a realización de prácticas en oficinas de información e servizos turísticos do Concello de Vigo, que lle corresponden por ter asistido as accións formativas de conformidade co previsto nas bases, no período comprendido entre o día 16 de xuño e o 26 de agosto de 2009. Deberá de anularse a adxudicación ao seu nome da subvención restante, que importa 1.495,16 €

3º.- Adxudicar a subvención restante da bolsa, que importa 1170 €, (que se corresponden co sumatorio da fracción de 24 días de setembro: do 7 ao 30, ambos inclusive –  $900:30=30 \times 24=720$  euros) e medio mes de outubro (450 €) de 2009, a favor da primeira persoa que conforma a lista de espera, e que é tamén a derradeira e acepta a bolsa nestas condicións: Nº 16, Dª Sofía González Failde, DNI 33337287Y, consonte co previsto nas bases sexta e décimo terceiras das que rexen a convocatoria e o parágrafo terceiro do acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión ordinaria do día 15 de xuño de 2009.

**20(1162).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove hora e catorce minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.